

Conciliando no rural

Concilia Vacacións pretende axudar na tarefa da conciliación da vida laboral e familiar a tódalas familias, pero con especial atención a aquelas que estean nunha situación de maior vulnerabilidade. Este ano toca retomar cousas, volver á normalidade e incidir nos espazos abertos e en valorar a nosa contorna máis próxima, coñecer o propio dándolle valor. Priorizar o xogo na natureza e en espazos diferentes e seguros para o momento que estamos a vivir.

O lema “Non deixar a ninguén atrás” estará moi presente; facendo entender que as alianzas entre pobos e persoas son fundamentais para lograr un planeta sostible e xusto, e máis tras esta pandemia

Lembrede que a principal característica de Concilia é o traballo cooperativo e en equipo, sen competición nin xogos que fomenten a desigualdade nin a rivalidade: **DIVERSIÓN COOPERATIVA, SEN COMPETICIÓN.**

Por outra banda como sabedes cada familia pode solicitar tódalas quendas que precise, aínda que incidimos encarecidamente na necesidade de proporcionar a cada crianza un período razoable de vacacións.

• HORARIOS E QUENDAS:

- QUENDA 1 . Do 1 ao 15 de xullo
- QUENDA 2: Do 16 ao 30 de xullo
- QUENDA 3: Do 2 ao 13 de agosto
- QUENDA 4: Do 16 ao 31 de agosto

- ⇒ **O horario ordinario** será de 10:00 a 14:00 e para nenos/as nacidos/as entre os anos 2012 e 2017. O punto de encontro será sempre a Casa Habanera ou onde se estime por mor das medidas sanitarias
- ⇒ **Horario extraordinario** : será a partir das 8:30 da mañá. Para todas aquelas familias que precisen unha xornada máis ampla que favoreza a conciliación da vida laboral e familiar.

• SISTEMA DE ACCESO:

- Para realizar a actividade deberá haber un mínimo de 8 nenos senón esa quenda quedará suspendida ou se unificarán quendas.
- Será prioritario para aquelas familias nas que ámbolos proxenitores estean a traballar (de xeito prioritario as que non superen 6.5 veces o IPREM) así como familias empadroadas no Concello de Guitiriz . Tamén terán un aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade: minorías étnicas, vítimas de violencia de Xénero, familias con membros con diversidade funcional, perceptoras de rendas de inserción, dependencia, menores tutelados ou noutra situación de protección, outros... así como familias especialmente prexudicadas pola situación de COVID 19.
- No caso de haber máis solicitudes que prazas a lista de admitidos publicarase o 23 de xuño, na mesma publicación informarase da data e hora da reunión previa coas familias.
- Para que a solicitude quede debidamente tramitada débese aboar xunto coa solicitude o 50% da contía a pagar.

ES20 2080 0122 4631 1000 0022

PREZOS INCREMENTOS E BONIFICACIÓNS:

- PREZO XERAL: **30.00€ por cada quenda.**
- PREZO PARA ACUDIR EN HORARIO EXTRAORDINARIO: **28.00€ POR QUENDA.**
- Bonificación dun 10% se se matricula en máis dunha quenda.*
- No caso de irmáns: bonificación do 20% a cada un. *
- Familias monoparentais/monomarentais e numerosas bonificación dun 20%.*
- Bonificación ata un 50% a valorar por servizos sociais para familias en situación de vulnerabilidade.

- Incremento dun 20% para cando ningún membro da unidade familiar (pai, nai, irmás) estea empadroado no Concello . *
- *O prezo para acudir en horario extraordinario é fixo. Non está sometido a bonificacións nin incrementos.

- **Documentación a aportar:**

- **Solicitud de inscrición debidamente cuberta.**
- **Xustificante de pago do 50% da contía**
- **Copia do recibo xenerado (modelo web)**
- **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria. (se é a primeira vez)**
- **Fotocopia do DNI do pai ou nai. (se é a primeira vez)**
- Informe diagnóstico/ certificado de discapacidade ou informe escolar en caso de N.E.E (de ser o caso)
- Poderase requerir, se se considera necesario, a documentación que se considere oportuna para xustificar as situacións declaradas.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- **Prazo de inscrición:** ata o 22 de xuño . As solicitudes entregadas fóra de prazo quedan supeditadas ás posibilidades de cada quenda.
- **LUGAR:** a través de sede electrónica do Concello, ou de xeito presencial con cita previa (982.370.109).

Rúa do Concello 4, 27300 Guitiriz

Telf: 982.370.109

www.concellodeguitiriz.com

CONCILIA VACACIÓNS

Un rural vivo

“Para non deixar a ninguén atrás”

